

O operador R, premiado polo desenvolvemento tecnolóxico

SANTIAGO
E.A.

O operador galego de comunicacións por fibra óptica R foi premiado como a empresa máis destacada no desenvolvemento tecnolóxico de negocios e servizos en Galicia, no marco dos VII Premios ETI (Encontro de Tecnoloxías da Información), organizado polo semanario especializado *Computing e PricewaterhouseCoopers*, en colaboración con *Sun Microsystems Ibérica*.

A decisión do xurado baseouse no proxecto de vídeo baixo demanda de R, un innovador sistema que permitirá desfrutar calquera contido de vídeo ou audio de forma instantánea cando o cliente o desexe.

O proxecto, desenvolvido para aproveitar a elevada capacidade da rede de comunicacións por fibra óptica de R, supón introducir por vez primeira en Galicia o concepto real de "televisión á carta".

A iniciativa contou coa colaboración do Laboratorio de Fundamentos de Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña e enmárcase na filosofía de R orientada a trasladar os beneficios da investigación tecnolóxica á sociedade galega.